



INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, e en relación co proxecto de orzamento da **Fundación Escola Universitaria de Enfermería** para o exercicio 2026, emítese o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE

1. Lei 7/85, de 2 de abril (LRBRL).
2. Artigos 162 a 171 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).
3. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o R.D. 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da LOEPeSF.
4. Artigos 2 a 23 do R.D. 500/90, de 20 de abril (RP).
5. Orde de 20 de setembro de 1989, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
6. Art.3.2 da Lei 53/84, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das AA.PP (LIAP).
7. Artigo 33 Do R.D.L. 670/87, de 30 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado (TRLCPE).
8. Resposta da Subdirectora Xeral de Ordenación Normativa á consulta formulada pola UNED sobre incompatibilidade entre a actividade de profesor titor e a percepción da pensión de xubilación.

FUNDAMENTOS XURÍDICO-ECONÓMICOS

O proxecto de orzamento preséntase con toda a documentación que esixe a normativa aplicable anteriormente referenciada.

O proxecto de orzamento preséntase nivelado en gastos e ingresos por importe de 661.079€, cumprindo así a esixencia legal de non conter déficit inicial. Tamén é preciso destacar que os recursos correntes que se esperan liquidar en 2026 son suficientes para financiar os gastos correntes. Así mesmo, cumpre o obxectivo da estabilidade orzamentaria previsto na LOEOeSF.

As dotacións para facer fronte a compromisos adquiridos estímanse suficientes, mentres que as previstas para outras atencións o serán ou non en función da xestión e prestacións que se asuman, variacións legais, etc., o que poderá orixinar, en determinados casos, modificacións orzamentarias.

Os gastos de persoal diminúe por pequenas variacións que se detallan na relación de postos (antigüidade, cotización SS., ..).

No estado de ingresos as previsións estímanse con suficiente realismo.

CONCLUSIÓN

Infórmase **favorablemente** o proxecto de orzamentos da fundación para o exercicio de 2026.

Documento datado e asinado dixitalmente

